



Do idilio á diáspora. Modernidade e compromiso na pintura galega de Castelao a Seoane

Carlos López Bernárdez

Colección: **Bretema**

Materias: **Arte, Galicia**

Edición en papel

Formato: 17 x 24

Páginas: 184

Peso: 0.52

ISBN: 978-84-15078-26-5

Año: 2012

25,00€

Esta obra é un percorrido polo camiño seguido pola pintura galega desde os primeiros anos do século XX até os anos cincuenta, desde o costumismo rexionalista, de influxo modernista e simbolista, até o desenvolvemento pleno do movemento renovador da arte galega coñecido como *Os Novos*.

Este vreiro amósasenos definido por tres esteos fundamentais: a procura dun ideal, en que se insire a propia definición e creación dunha escola de pintura galega, diferenciada da española; a asunción dunha estética nacional e o seu desenvolvemento no período inmediatamente anterior á guerra civil; e a difícil continuidade no exilio americano e interior coa superación do modelo de base romántica que serviu de alicerce para a creación dunha arte nacional, sen renunciar aos valores sociais e identitarios.

Carlos López Bernárdez (Vigo, 1958) é historiador de arte e profesor de lingua e literatura galegas. Ensaísta de temas literarios e artísticos, é autor de libros como *Breve historia da arte galega* (NigraTrea, 2005); *Maruja Mallo, a pintora da nova muller* (NigraTrea, 2010) ou *Bestiario en pedra. Animais fantásticos na arte medieval galega* (NigraTrea, 2004), este último realizado en colaboración con Xosé Ramón Mariño Ferro.

Como comisario de exposicións levou a cabo proxectos como *Diáspora, Dez artistas galegos no exilio latinoamericano* (marco-Fundación Luís Seoane, 2005, Vigo e A Coruña); *De Vigo a Bos Aires. Laxeiro e a pintura galega de posguerra* (Fundación Laxeiro-Parlamento de Galicia, 2008, Vigo e Santiago de Compostela); *Quiñones de León. Unha nova pinacoteca para Galicia* (Museo da cidade Quiñones de León, 2010, Vigo); *O fermoso rostro do país* (Pinacoteca Fernández del Riego, Museo Quiñones de León, Vigo) ou *Faces do país. O retrato en Galicia, 1890-1950* (Fundación Novacaixagalicia, 2011, Santiago de Compostela e Pontevedra).